



**Concello de Cangas**

Concellaría de Ensino e Deporte

## II CONCURSO DE $\pi$ FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA

# “FotoMAT CANGAS 2019”

### **OBXECTIVO**

O obxectivo deste concurso é descubrir na vida real e no noso entorno calquera aspecto matemático, sexa xeométrico, gráfico, numérico,....Pódese reflectir polígonos, cónicas, curvas, rectas paralelas, secantes ángulos, transformacións xeométricas, perspectivas, proxeccións, proporción áurea, simetrías, mosaicos, frisos, gráficos estatísticos, expresións numéricas, etc. Nas fotografías poderán aparecer persoas ou obxectos persoais, sempre que non poidan ser identificados.

### **PARTICIPACIÓN**

Poderá participar todo o alumnado de E. Primaria, ESO, Bacharelato-Ciclos, e Adultos dos distintos Centros Educativos de Cangas, matriculado no Curso 2018-19.

Establécense 3 Categorías:

A) E. Primaria

B) ESO

C) Bacharelato, Ciclos

### **BASES**

1. Cada participante poderá presentar un máximo de tres fotografías orixinais. Non serán admitidas fotografías descargadas de Internet, nin escaneadas de ningún tipo de medio gráfico. Poden facerse axustes na imaxe con respecto a cor, niveis, axustes e correccións. Non está permitido manipular a fotografía de xeito que se muden obxectos ou elementos da imaxe, non permitíndose fotomontaxes.
2. As fotografías poden facer referencia a calquera contexto real ou simulado, e sempre deben mostrar un aspecto relacionado coas Matemáticas.
3. Valorarase fundamentalmente os catro indicadores seguintes: - Creatividade - Orixinalidade - Relación entre o aspecto matemático e o título - Calidade plástica.
4. A participación no concurso implica a aceptación das bases e o fallo dos xurados.

### **CESIÓN DE DEREITOS.-**

Os Departamentos de Matemáticas dos centros e o Concello resérvanse o dereito de expoñer e/ou publicar os traballos presentados en exposicións, guías e páxinas web.

## **NORMAS DE PRESENTACIÓN**

. As fotografías deberán enviarse en formato .jpg á dirección de correo electrónico

[departamento.ciencias.cvc@casadelavirgen.es](mailto:departamento.ciencias.cvc@casadelavirgen.es)

. En "Asunto" debe poñer : **FotoMAT – Cangas 2019**

. No contido do correo, ademais de axuntar a fotografía, debe aparecer:

- Título da fotografía.
- Descrición e comentario da fotografía.
- Nome e apelidos do/a autor/a.
- Curso e Centro Educativo.

## **PRAZOS**

O prazo de presentación das fotografías ao correo electrónico de cada Centro será **do 10 de decembro 2018 ao 25 de xaneiro de 2019.**

## **FASES DO CONCURSO**

**1ª Fase.**- Cada Centro Educativo constituirá un xurado que fará a selección en cada caso, realizando unha exposición das mellores fotografías presentadas ao concurso e seleccionando 5 fotografías por categoría e Centro. As mesmas serán entregadas no Concello antes do 15 de febreiro de 2019.

**2ª Fase.**- As cinco fotografías seleccionadas por categoría e centro expoñeranse na Planta Baixa do Auditorio Municipal de Cangas durante os meses de Marzo – Maio 2019.

## **PREMIOS**

Sortearase entre todas/os as/os participantes no concurso, e por cada categoría, bonos de entrada para a Piscina Municipal A Balea de Cangas.